

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 26 DE XULLO DO 2022

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o vinte e seis de xullo do dous mil vinte e dous, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas.

**Preside o Sr. Alcalde:** D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

**Asisten:**

**Sres/as. Concelleiros/as:**

**Grupo municipal Socialista:** Dna. Gloria M<sup>a</sup> Prada Rodriguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M<sup>a</sup> Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira e D. Miguel Tomé López.

**Grupo Municipal do Partido Popular:** Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez e D. Victor Manuel Rodríguez López .

**Grupo Mixto:**

**Bloque Nacionalista Galego:** D. Emilio José Sánchez Iglesias

**Esperta Monforte:** D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

**Secretario:** D. José Antonio Mourelle Cillero.

**Interventor:** Manuel Vázquez Fernández

Non asiste a concelleira D<sup>a</sup> Margarita López Rodríguez e o concelleiro D. Manuel Rodríguez Martínez.

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE 26 DE XUÑO DO 2022.**

Sométese a votación a acta do pleno de 26 de xuño do 2022, aprobándose por unanimidade.

**2º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 21.06.22 ao 19.07.22.**

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 21.06.2022 e o 19.07.2022.

### PARTE RESOLUTIVA

**3º.- DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. INTERPOSICIÓN DE RECURSO CONTRA A**

*Acta pleno ordinario 26.07.2022*

**RESOLUCION DE DATA 09 DE XUÑO DO TACGAL. INICIACIÓN DE NOVO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN.**

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

*“ANTECEDENTES*

---

- 1. Acordo do Pleno da corporación de data 30.05.2022 polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos técnico e administrativo e o gasto, dispoñendo a apertura da licitación mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada.*
- 2. Anuncio de licitación na plataforma de contratación do sector público, de data 16.05.2022, que establece como data límite para a presentación de ofertas o 13.06.2022.*
- 3. Recurso especial en materia de contratación presentado polo Sindicato Nacional de Galicia CCOO en data 30.05.2022, contra os aspectos dos pregos de condicións relativos á determinación do custe económico do contrato, calculados en base ao estudo de custos elaborado pola consultora Adade Lugo SL en data 29.03.2022.*
- 4. Recurso especial en materia de contratación presentado pola Asociación estatal de entidades de servicios de atención a domicilio (ASADE), en data 06.06.2022, contra os mesmos aspectos sinalados no punto anterior.*
- 5. Resolución nº 108/2022 do Tribunal administrativo de contratación pública de Galicia, de data 09.06.2022, pola que estima o recurso interposto por CCOO, referenciado no anterior punto 3, estimando incorrecto o cálculo do orzamento da licitación en base principalmente aos custos salariais.*
- 6. Resolución nº 110/2022 do Tribunal administrativo de contratación pública de Galicia, de data 16.06.2022, pola que acorda inadmitir o recurso interposto por ASADE, referenciado no anterior punto 4, en base á existencia do pronunciamento anterior, que produce a carencia sobrevida do obxecto do recurso.*

*CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS*

---

- 1. Os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,(en adiante LCSP), recollen a regulación do recurso especial en materia de contratación. A tramitación tamén deberá realizarse conforme ao Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual, aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, no que resulte de aplicación.*
- 2. A resolución do recurso especial referido no antecedente terceiro, que estima totalmente as pretensións da recorrente e, polo tanto segundo o artigo 57.4 da*

*LCSP, implica a anulación das magnitudes económicas da licitación previstas na cláusula cuarta do PCAP e demais que resulten da mesma. Isto determina por lei a anulación dos actos do expediente de contratación relacionados coa súa aprobación.*

- 3. De modo paralelo, o levantamento da medida cautelar de suspensión, que non afectou ó prazo de presentación de ofertas, implica a existencia dun procedemento cuxo prazo de presentación de proposicións se atopa finalizado sen que se teña presentado ningunha, quedando polo tanto deserta a licitación convocada.*
- 4. Segundo dispón o artigo 59 da LCSP, a resolución do recurso especial en materia de contratación será directamente executiva, se ben contra a mesma cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo de conformidade co disposto no artigo 10.1.k da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. O prazo para a interposición do citado recurso é de dous meses dende o día seguinte ao da notificación da resolución, segundo dispón o artigo 46.1 da citada lei.*

*Por canto antecede, elévase ao Pleno da Corporación a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:*

- 1º.- **DECLARAR DESERTO** o expediente de contratación de “AXUDA NO FOGAR” (EXP. 021-SERPA22) ao non terse presentado ningunha oferta durante o prazo habilitado para a súa recepción.*
- 2º.- **INTERPOÑER** recurso contencioso-administrativo contra as resolucións nº 108, de data 09.06.2022 e nº 110, de data 16.06.2022, relativas aos recursos interpostos por CCOO e por ASADE contra a citada licitación.*
- 3º.- **DISPOÑER** o inicio dun novo expediente de contratación para a licitación do servizo de AXUDA NO FOGAR”*

*De seguido prodúcense as seguintes intervencións:*

Intervén D<sup>a</sup> Gloria M<sup>a</sup> Prada manifestando que traen ao pleno declarar deserto o concurso do SAF por falta de licitadores, interposición de recurso Tacgal e inicio de novo procedemento.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que se está diante do que prevía, a problemática que ía xurdir nun prego de contratación que non se axustaba á realidade. Se non se presentou ningunha empresa, ven seguro que eran sabedores da problemática que levaba a Deputación, o posterior que un sindicato presentou recurso, por iso un dos puntos que se trae aquí a este pleno é interpoñer recursos contencioso-administrativo. Di que eles xa o prevían daquela, débese de pedir desculpas ou perdón por facer algo que non estaba correcta, di que eles van anunciar o sentido do voto, non van votar en contra. Di que eles o de interpoñer o recurso non o entenden, é un pouco pensar que se vai seguir na mesma liña e despois se volve facer un expediente igual que o anterior. Di que eles vanse abster que é o que decidiron facer ao ver a documentación.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que lle gustaría dende Esperta Monforte pide un minuto de silencio polo pasamento de D<sup>a</sup> Aida Sara Menéndez Lorenzo. Di que na mesma liña que o seu compañeiro, di eles votaron en contra deste tema, o certo é que se perderon un pouco nos temas xurídicos que algo non estaba moi ben feito, efectivamente isto

quedou deserto e eles o único que piden é, que teñan a ben cometer os mesmos erros que cometeron, e despois un pouco ao respecto do tema de interpoñer un recurso, haberá que ver onde chegan, non se sabe se chegará antes o inicio do procedemento que a resposta deste recurso, non lles parece moi normal, di que eles vanse abster.

Intervén D. Víctor Manuel Rodríguez desculpando a D<sup>a</sup> Katherinie polo problema nas cordas vocais. E desculpa a non asistencia do seu compañeiro Manuel. Gustaríalle coñecer con exactitude o contido do recurso, ou polo menos que lles explicarán que pretenden. Comentar que o feito de que quedase deserto o concurso do contrato, non é unha sorpresa, con toda a controversia suscitada é normal que ningunha empresa quixera concursar. Recorda ao equipo de goberno de que se poden solicitar máis horas á xunta e máis de que a xunta é coñecedora de3 que existen expedientes asignados pero pendentes de asignar por parte do Concello. Di que o seu voto será en contra.

Intervén D<sup>a</sup> Gloria M<sup>a</sup> Prada di que eles están xestionando un diñeiro público, que é un tercio do presuposto do Concello, pregúntalle a D. Emilio, aos traballadores se lles subidiu o 6,5% do convenio colectivo. O motivo do recurso é moi sinxelo di que contan con dúas sentenzas do tribunal supremo que lle dan a razón, pero non por minguar o dereito das traballadores, senón por defender o diñeiro público do Concello. Fala da sentenza do TACGAL resolve soamente coa subida do IPC. Fala da sentenza de 5 de xuño do 2018, que o mantemento das condicións económicas anteriores, non vai máis aló da data de perda do convenio colectivo, fala da 25.07.2018 do alto tribunal ven a dicir, finalizada a operatividade do convenio colectivo, será de aplicación o convenio colectivo de ámbito superior, que cando finaliza a aplicación da actividade dun convenio pasa a ser aplicable o de ámbito superior. Da lectura ás sentenzas.

Intervén D. Emilio dicíndolle a D<sup>a</sup> Gloria que se hai que recurrir ao personal di que van mal. O diñeiro público non é seu senón que é de todos. Non discute que eles non defenden dos dereitos dos traballadores, o Partido Socialista Obreiro Español. Licitan un servizo por debaixo do que marca o convenio, que non o di el, que o di a sentenza, di que cre que debe chegarse a un consenso, hai que falar cos axentes implicados, di que van apoiar está iniciativa, non van votar en contra. Sinala que non lle van a dar a razón cando presenten o recurso, di que vanse abster.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que os cartos son públicos, sempre se está co mesmo se intenta gastar o mínimo posible, vostedes pasaron de sindicalistas a patronal. Se a vostede se enche a boca da reforma laboral, se hai un incremento do 6,5% porque a reforma laboral o dia, o que non poden vir aquí porque vostedes licitan desa maneira porque son os gardiáns dos cartos públicos, non poden dicir que puxeron o 2,5 % porque os cartos son públicos, e sen ven mezclar o público co privado.

Intervén D. Víctor Manuel Rodríguez manifesta que se levan máis de tres anos sen renovar o contrato, sería adecuado coñecer a resolución do recurso, e proceder ao inicio dun proceso conforme dite esa resolución.

Intervén D<sup>a</sup> Gloria M<sup>a</sup> Prada di que ten que mezclar o público co privado, di que eles teñen un informe económico, e saben a evolución do IPC e dos convenios colectivos. O convenio colectivo está no 2,5% e o 3% teñen que interpoñer recurso non polo detrimento das traballadoras que están aquí, di que son a patronal de todos os intereses de monfortinos/as. Di que eles se van nun estudio económico. Fala de que na Comunidade de

Madrid o convenio está no 2%, di que van interpoñer o recurso , e se non teñen a razón iniciaran un novo procedemento.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que hai cuestións que hai que matizar para que queden claras. Fala vostede D. Emilio da defensa dos traballadores do PSOE. Non sabe como se defenden os intereses dos traballadores, di que sabe de xente que negocia e cando hai que asinar vaise. A protesta pola protesta non serve de nada. Decía que vostede aquí está en calidade de concelleiros como todos os demais, di que eles teñen que defender o público fronte a todos. Ás veces hai xente que esta acostumado a facer informes á medida, pero aquí non é así, na defensa de traballadores non lle poden dar leccións. Di que eles no privatizaron o servizo de axuda no fogar foi o Bloque no ano 2005, cando gobernaron en coalización Servizos Sociais o levaba unha concelleira que se chamaba D<sup>a</sup> Alicia Cadarso, di que eles non se meteron nas competencias dos demais, nin lle deixaban.

Dille a D. Germán que é un caso perdido, non pararon nada, porque as sentenzas hai 50 mil que se cambian, que tontería esa é de que lle pararon os pés, aquí trátase de dereitos, que se fan coa cabeza. Di que son gardiáns de cartos públicos pois claro que sí. Fala do paseo da ronda urbana, cantas se alumou, cero. De verdade se miraran antes de dicilo, no o dirían.

Dille a D. Victor como lle vai dicir o contido do recurso, porque non sabe cal é, agora estase aprobando recurrir, primeiro haberá que prantexar o recurso e logo resolverán. A Xunta pode dar máis horas, ogallá pero que as pague, porque a competencia é súa., diga vostede á Xunta que pague polo que costa e eles o xestionan ,o que queren aumentar horas para achicar aos concellos, chega un momento que hai que plantarse e dicir non.

O que di o TACGAL é moi parecido ao que acaba de dicir, ao Consello Consultivo que en relación coas parcelas do polígono, que non era a súa competencia, pero nas conclusións opinaba, senón é da súa competencia non pode opinar. Se estivera gobernando o Partido Popular non ocorrería isto. Sen saber aínda como vai quedar, defender aos traballadores deféndense con feitos. Di que eles van quitar novo concurso, e van facer caso ao TACGAL cunha condición, porque non queren encher o peto dos empresarios, se o convenio colectivo que se asine no seu día, ten un acordo salarial menor minorarase esa cantidade, porque senón o pagan ás traballadoras ira para o peto da empresa. O que vaia destinado a salarios vaise pagar. O interese público é de todos, tamén das traballadoras do SAF, tamén do Bloque, de Esperta, do Partido Popular e tamén do PSOE. Se dentro dun mes a suba salarial con efectos retroactivos é dun porcentaxe inferior, ese porcentaxe vaise minorar á empresa, porque senon van a cobrar as traballadoras é para a empresa.

Sometido o asunto a votación apróbbase por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dous votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dúas abstencións do Grupo Mixto (BNG-ESPERTA MONFORTE).

**4º.- APROBACIÓN DO PREACORDO ASINADO ENTRE O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS E A EMPRESA FCC AQUALIA SA, RELATIVO AO CUMPRIMENTO DA SENTENZA NÚMERO 269/2021 DE DATA 30.12.2021 DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO NÚMERO 1 DE LUGO .**

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcribe a proposta da alcaldía:

*“1º.- Con data 7 de xuño de 2001, procedeuse á formalización entre o Concello de Monforte de Lemos e FCC AQUALIA, S.A., do contrato administrativo de “Concesión da xestión integral do Servizo Municipal de abastecemento de auga e saneamento de Monforte de Lemos”.*

*2º.- Conforme ao previsto no referido Contrato, entre as obrigacións de FCC AQUALIA, S.A. incluíase a execución dunha serie de actuacións (Plan de Inversións) por un importe de 400.316.000 Ptas. (2.405.947,62€).*

*3º.- O Pleno do Concello de Monforte de Lemos, con data 24 de febreiro de 2020, adoptou o acordo, cuxa parte dispositiva é a seguinte:*

*PRIMEIRO: Requirir a FCC Aqualia S.A., concesionaria do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento o importe pendente de executar das obrigas de investimento contractuais, resultante do contrato e da oferta para ser executadas nos anos 2001 a 2003, máis o xuro legal do diñeiro que resulta de aplicación, polo que a cantidade que se reclama ascende a :*

<i>Investimento pendente .....</i>	<i>2.221.980,36 €</i>
<i><u>Total de xuros por demora .....</u></i>	<i><u>1.496.242,64 €</u></i>
<i><u>SUMA TOTAL .....</u></i>	<i><u>3.718.223,00 €</u></i>

*SEGUNDO: Para a execución concreta de investimentos pola cantidade reclamada, especialmente no que poida modificar o expresamente previsto no contrato e na oferta e que dá lugar a este acordo é competente o Pleno Municipal, como órgano de contratación, e a isto debe aterse a empresa. “*

*4º.- Dito acordo foi recorrido, ante a Xurisdicción Contencioso administrativa por FCC AQUALIA S.A., personándose o Concello de Monforte, en defensa dos intereses municipais, mantendo a rigurosa fundamentación que deu lugar o acordo plenario, sinalado no parágrafo anterior, tanto no que se refire a cantidade pendente de inversión como aos intereses reclamados.*

*5º.- Dita interposición de recurso contencioso administrativo por FCC AQUALIA S.A., deu lugar á tramitación do procedemento ordinario 186/2020, que lle correspondeu ao Xuzgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Lugo.*

6º.- Por Sentenza n.º 269/2021, ditada polo Xuzgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 estimouse, parcialmente, as pretensiones do Concello de Monforte de Lemos, e dispúxose que:

*“la cantidad exigible a la demandante por las obligaciones contractuales pendientes de ejecutar, correspondientes a los años 2001 a 2003, asciende a un total de 1.671.671,22 euros, a la que se deberá añadir el interés legal del dinero a computar desde la fecha del requerimiento formal a la empresa (21/03/2018)”.*

7º.- Contra a Sentenza, sinalada no parágrafo anterior, foi interposto recurso de apelación, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, tanto polo Concello de Monforte de Lemos, como por parte de FCC AQUALIA S.A., estando pendente a súa resolución.

8º.- Con data 6 de xullo de 2022, esta Alcaldía remitiu a FCC AQUALIA S.A., escrito no que se poñía de manifesto, o seguinte:

*É de interese desta Alcaldía dar solución, sequera sexa de xeito parcial, á situación existente xa que resulta necesario realizar actuacións na rede de abastecemento de auga para mellorar a subministración domiciliaria e, polo tanto, estímase conveniente que se proceda ao cumprimento da sentenza ditada polo Xuzgado do Contencioso Administrativo núm. 1 de Lugo, sen prexuízo do disposto na Sentenza que resolva o recurso de apelación interposto perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.*

*O Concello de Monforte de Lemos, con todo, continuará co devandito recurso de apelación, interposto contra a Sentenza citada, pero entende que é importante que naqueles puntos en que ambas as partes, FCC AQUALIA S.A. e o Concello de Monforte de Lemos, estean de acordo procédase ao seu cumprimento para non demorar actuacións, que son importantes para a prestación dos servizos públicos municipais.*

*É por iso que, por parte desta Alcaldía, redactouse un Preacordo destinado ao cumprimento parcial, antes citado, da Sentenza do Xuzgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Lugo.*

*No devandito preacordo ambas as partes conveñen a execución do proxecto “Desdoblamento da rede de abastecemento de auga”, nos termos que figuran no mesmo.*

*En consecuencia, remítese o borrador do citado Preacordo para que FCC AQUALIA S.A. preste, se o estima conveniente, conformidade ao mesmo.*

*9º.- Con data 7 de xullo de 2022, FCC AQUALIA S.A., presenta escrito, no que pon de manifesto que:*

*“En relación co borrador de preacordo do asunto de referencia recibido o 6 de Xullo de 2022, por medio da presente, manifestamos a nosa conformidade co contido do mesmo”.*

*10º.- Con data 15 de xullo de 2022, emítese informe conxunto do Secretario Xeral e do Intervento municipal, do tenor literal seguinte:*

#### **INFORME DA SECRETARÍA XERAL E DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL**

*En relación coa proposta da Alcaldía de aprobación do Preacordo suscrito entre o Concello de Monforte de Lemos e FCC AQUALIA S.A. relativo ao cumprimento da Sentenza número 269/2021, de data 30.12.2021, ditada polo Xuzgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Lugo, procede informar.*

*PRIMERIRO.- O art. 86 a Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en relación coa terminación convencional dispón que:*

*1. As Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de Dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que, no seu caso, prevexa a disposición que o regule, podendo tales actos ter a consideración de finalizadores dos procedementos administrativos ou inserirse nos mesmos con carácter previo, vinculante ou non, á resolución que lles poña fin.*

*2. Os citados instrumentos deberán establecer como contido mínimo a identificación das partes intervenientes, o ámbito persoal, funcional e territorial, e o prazo de vixencia, debendo publicarse ou non segundo a súa natureza e as persoas ás que estivesen destinados.*

*.....*

*4. Os acordos que se subscriban non supoñerán alteración das competencias atribuídas aos órganos administrativos, nin das responsabilidades que correspondan ás autoridades e funcionarios, relativas ao funcionamento dos servizos públicos.*





*O preacordo suscrito, que se somete a informe, ten que ser cualificado como un documento a insertar con carácter previo, pero neste caso non vinculante, ao acordo que se propón que sexa adoptado polo Concello de Monforte de Lemos.*

*O texto do preacordo, cuxa aprobación se propón polo Pleno, contempla o contido mínimo recollido no apartado 2 do art. 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.*

*O preacordo suscrito, cuxa aprobación se propón, non supón alteración das competencias atribuídas a outros órganos municipais.*

*SEGUNDO.- Dende o punto de vista da normativa contractual ao contrato adxudicado no ano 2002, lle resultan de aplicación as previsións do TRLCAP 2/2000 segundo o disposto na DT 3ª da LCSP:*

*“Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente Lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior”*

*Dacordo con isto, una vez determinado o réxime xurídico, o compre indicar que a competencia para a adopción dos acordos que afectan ó expediente, corresponde ó órgano de contratación, que resolve todas cantas incidencias se producen no contrato, deixando a salvo supostos de delegación, tal e como sinala o artigo 4 do RXCAP, e, de conformidade coas previsións dos artigos 93 e seguintes de dita norma, é competente igualmente en canto as incidencias xurdidas na execución do contrato.*

*Neste caso, ó ser o Concello de Monforte de Lemos un concello de réxime común, correspóndelle ó Pleno da corporación o exercicio das atribucións que a lei atribúe ó órgano de contratación, considerando natureza concesional do contrato, a súa duración e o seu valor estimado, sen que ó longo do tempo se producirán variacións relevantes na distribución competencial ( DA2ª da LCSP 9/2017 e art. 22.2 n da LRBRL 7/1985 entón vixente) que puideran alterar a competencia plenaria.*

*Asimesmo, compre indicar que non se produce esixencia de maioría cualificada, no que á presente incidencia contractual se refire, con base no disposto no artigo 47 da LRBRL, en tanto non se está a conceder o servizo ou a súa forma de xestión, senón unicamente a adoptar acordos en execución do contrato que afectan a determinación das inversións procedentes.*

*É canto procede informar*

*Con base no exposto PROPOÑO que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte os seguintes acordos:*

*1º.- Aprobar o Preacordo suscrito entre a Alcaldía do Concello de Monforte de Lemos e a representación de FCC AQUALIA S.A. relativo ao cumprimento da Sentenza número 269/2021, de data 30.12.2021, ditada polo Xuzgado do Contencioso-Administrativo número 1 de Lugo, do tenor literal seguinte:*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, D. JOSÉ TOMÉ ROCA, Alcalde-Presidente del Excmo. Concello de Monforte de Lemos, actuando no exercicio das atribucións que lle confire o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o art. 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia, en representación deste, con domicilio, en Praza Campo de San Antonio, s/n, 27400 Monforte de Lemos, Lugo.*

*E, doutra parte, D. FRANCISCO JAVIER GARCIA LINARES, provisto de D.N.I. número 09791980-Y, con domicilio a efectos de notificacións e para este acordo na rúa Cantabria s/n 36206-Vigo, actuando en nome e representación de FCC AQUALIA, S.A, segundo escritura de poder outorgado a seu favor o día 10 de Febreiro de 2022, ante o Notario de Madrid D. Jaime Recarte Casanova, baixo o número mil cento cuarenta e dous do seu protocolo e que manifesta continúa en vigor ao día da data.*

*As Partes Intervintes denominaranse no sucesivo, conxuntamente, como as “Partes” o os “Intervintes”, indistintamente.*

*Os Intervintes aseguran ter capacidade legal suficiente para celebrar o presente Preacordo e, a tal efecto,*

*EXPOÑEN*

- I. Que con data 7 de xuño de 2001, procedeuse á formalización entre o Concello de Monforte de Lemos e FCC AQUALIA, S.A., do contrato administrativo de “Concesión da xestión integral do Servicio Municipal de abastecemento de agua e saneamiento de Monforte de Lemos” (no sucesivo o “Contrato de concesión”).*

- II. *Que, conforme ao previsto no referido Contrato, entre as obrigacións de FCC AQUALIA, S.A incluíase a execución dunha serie de actuacións (Plan de Inversións) por un importe de 400.316.000 Ptas. (2.405.947,62€).*
- III. *Que, tal e como se recolle pola Sentenza n.º 269/2021 ditada polo Xuzgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Lugo, para a debida satisfacción das necesidades existentes ao longo do período da concesión, o Concello ordenou a FCC AQUALIA, S.A a execución dunha serie de inversións distintas das recollidas no Plan de Inversións.*
- IV. *Entre 2003 e 2005 FCC AQUALIA, S.A, por indicación municipal, levou a cabo obras que na actualidade o Concello considera que, na súa maioría, eran obras de mantemento, tal e como figura no requirimento de inversións aprobado no Pleno de 24 de febreiro de 2020, atendendo ás pretensións do Concello na súa interpretación do contrato. Mentres que a empresa FCC AQUALIA, S.A e o Alcalde de entóns consideraban unha inversión, recoñecidas a través de escritos asinados polo Alcalde, sen aprobarse polo Pleno do Concello, que é o órgano competente para calquera cuestión relativa ao cumprimento do contrato, dado que foi o Pleno quen acordou a adxudicación no seu día, adxudicación que deu lugar á posterior sinatura do contrato entre o Concello e FCC AQUALIA, S.A.*

*Por este motivo, o actual Goberno Municipal considera que aqueles escritos do Alcalde, sen soporte Plenario son actos nulos e polo tanto o recoñecemento das inversións carece de validez.*

*As diferencias de criterios existentes entre as partes teñen como consecuencia que o Concello considere que FCC AQUALIA, S.A executou obras por valor de 183.967,25 €, mentres que FCC AQUALIA, S.A considera que o importe das obras executadas contra o Plan de Inversións é de 916.207,11 €.*

- V. *Que como resultado desta controversia, con data 24 de febreiro de 2020, o Concello de Monforte reunido no Pleno, acordou que as inversións executadas por FCC AQUALIA, S.A ascendían a 183.967,25€, polo que se lle instaba a FCCAQUALIA, S.A á execución de inversións por un importe de 2.221.980,36 €, incrementado no correspondente interese legal do diñeiro, o ano 2003, que ascenden a 1.496.242,64€, dando un resultado total de 3.718.223,00€ segundo acordo plenario.*

- VI. *Que, con data de 30 de decembro de 2021, o Xuzgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Lugo ditou Sentenza co seguinte fallo:*

*“Que debo ESTIMAR y ESTIMO PARCIALMENTE el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de FCCAQUALIA, S.A. frente al EXCMO. CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, en el procedimiento seguido ante este Juzgado como PROCESO ORDINARIO número 186/2020, respecto de la resolución citada en el encabezamiento de esta Sentencia, que la ANULO EN PARTE en el sentido de que la cantidad exigible a la demandante por las obligaciones contractuales pendientes de ejecutar, correspondientes a los años 2001 a 2003, asciende a un total de 1.671.671,22 euros, a la que se deberá añadir el interés legal del dinero a computar desde la fecha del requerimiento formal a la empresa (21/03/2018). Sin expresa imposición de costas”*

*Que contra a sentenza referida no expositivo precedente procedeuse a formular recurso de apelación, tanto por FCC AQUALIA, S.A, como polo Concello de Monforte nos que se dirimen as diferencias de criterio existentes entre as partes expostas nos apartados anteriores.*

- VII. *Que o Concello entende que o interese público esixiría a execución das obras de “Desdoblamento da red xeral da distribución de Monforte” como medida de garantía e flexibilización do abastecemento, no lugar das actuacións pendentes de executar segundo o Plan de inversións proposto por FCC AQUALIA, S.A. na súa oferta, modificado de feito por gobernos anteriores ao 2015. En consecuencia, entende que FCC AQUALIA, S.A debería proceder á execución de dito desdoblamento con cargo ao Plan de Inversións.*

- VIII. *Que resulta de interese, para ambas partes, proceder á execución da referida actuación do Desdoblamento da rede xeral de distribución de Monforte por parte de FCC AQUALIA, S.A, actuación que consistirá na dotación dunha nova tubería de rede xeral entre os depósitos do Cornado, ata San Vicente, co obxecto de dar debido cumprimento parcial da Sentenza do Xuzgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Lugo; polo que FCC AQUALIA S.A. procederá ao desestimento parcial do seu recurso de apelación no referente á contía executada con cargo o*

*Plan de Inversións, mantendo o recurso de apelación respecto da condena ao abono do interese legal.*

- IX. *O Presuposto de Execución Material (PEM) das obras de “Desdoblamiento de la red general de distribución de Monforte” é resultante do presuposto do Proxecto técnico, que se adxunta ao presente como Anexo, considerándose, en todo caso, que a referida actuación se realizará con cargo ao Plan de inversións contido na oferta de FCC AQUALIA S.A, que deu lugar á adxudicación do Contrato e coa finalidade de dar cumprimento parcial á Sentenza de primeira instancia de Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Lugo.*
- X. *No caso de que se estime, total o parcialmente, o recurso de apelación interposto polo Concello de Monforte de Lemos e se determine a obligatoriedade de abono dunha cantidade superior por parte de FCC AQUALIA S.A. ao Concello de Monforte de Lemos, en concepto de principal e/ou de intereses, a Sentenza que se dicte, en apelación, entenderase parcialmente executada, coa realización de la obra de “Desdoblamiento de la red general de distribución de Monforte”, na contía de 1.671.671,22 €, ascendendo á inversión efectiva a unha cantidade de 1.784.831,44 € (PEM), supoñendo un incremento de inversión do 6,34%, sobre a cantidade establecida na Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Lugo, incremento que será asumido por FCC AQUALIA, S.A.*

*Non obstante, quedarían por executar as cantidades de principal e/ou intereses na contía que, no seu caso, puideran incrementarse na Sentenza do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia, que resolva o recurso de apelación.*

- XI. *Que, en consonancia co expuesto, as Partes*

#### ACORDAN

*PRIMERO. - APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS O PRESENTE PREACUERDO.*

*As partes acordan que o presente Preacordo producirá efectos unha vez sexa aprobado polo Pleno do Concello de Monforte de Lemos,*



*previa tramitación do expediente, no que consten os informes municipais preceptivos.*

*Unha vez adoptado o acordo Plenario, por parte do Concello de Monforte de Lemos requirirásese formalmente a FCC AQUALIA, S.A para execución do correspondente proxecto técnico e a realización da obra de “Desdoblamiento de la red general de distribución de Monforte de Lemos”, que se adxunta como Anexo.*

*O proxecto contempla inversións, cun Presuposto de Execución Material (PEM) por un importe de 1.784.831,44€ de inversión real, o que significa un incremento do 6,34 % respecto da cantidade de 1.671.671, 22 €, establecida pola Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Lugo, sendo ese incremento asumido por FCC AQUALIA, S.A.*

*Dita cantidade 1.671.671, 22 €, computarase con cargo ao Plan de Inversións incluído na oferta presentada por FCC AQUALIA, S.A., que deu lugar á adxudicación do contrato.*

**SEGUNDO. – O PEM DO PROXECTO DE “DESDOBLAMIENTO DE LA RED GENERAL DE DISTRIBUCIÓN DE MONFORTE” DESCONTARASE DO IMPORTE DO PLAN DE INVERSIÓNS PENDENTE DE EXECUCIÓN.**

*Coa execución da obra de “Desdoblamiento de la red general de distribución de Monforte de Lemos” considerárase parcialmente executado o Plan de inversións, quedando unicamente por executar aquelas inversións que, no seu caso, sexan recoñecidas pola Sentenza que se dicte no recurso de apelación (capital e/ou intereses).*

*O Alcalde do Concello de Monforte de Lemos propondrá ao Pleno o recoñecemento da execución, con cargo ao Plan de Inversións, da cantidade establecida na Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Lugo, que ascende a 1.671.671,22, sen intereses, consumándose tal recoñecemento unha vez realizada a obra contemplada no Proxecto Anexo.*

**TERCEIRO. - INTERESES**

*Os intereses que sexan recoñecidos pola Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Lugo, a favor do Concello de Monforte, incrementan a cantidade da inversión pendente de execución, igualmente recoñecida, por dita Sentenza, quedando pendentes de executar ditos intereses ata que se resolvan os recursos prantexados.*

*As cantidades reclamadas, en apelación, en concepto de intereses que, no seu caso, puidesen recoñecer a favor do Concello de Monforte de Lemos, na Sentenza de apelación que, no seu día, se dicte serán destinadas ás inversións que sexan acordadas polo Pleno e incrementarán as cantidades do principal que, no seu caso, se recoñezan na citada Sentenza de apelación.*

**CUARTO. – DESESTIMIENTO PARCIAL DO RECURSO DE APELACIÓN INTERPOSTO POR FCC AQUALIA, S.A.**

*Unha vez se proceda á aprobación do presente Preacordo, por parte do Pleno do Concello de Monforte, e resulte firme en vía administrativa, FCC AQUALIA, S.A procederá a desistir parcialmente do recurso de apelación interposto ante o TSJ Galicia, aceptando o pronunciamento da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Lugo referente a que “a cantidade esixible á demandante polas obrigacións contractuales pendentes de executar, correspondentes aos anos 2001 a 2003, ascende a un total de 1.671.671,22 euros”, mantendo o recurso de apelación polo que se refiere ao pago do interese legal.*

*Pola súa parte, o Concello de Monforte de Lemos, manterá o recurso de apelación interposto ante o TSJ de Galicia, nas contías recoñecidas pola Sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Lugo e as cantidades de principal máis intereses, aprobados polo Pleno Municipal de data vintecatro de febreiro de 2020, que, no seu conxunto, capital máis intereses, ascenden á cantidade de 3.718.223,00€.*

**QUINTO.- COMUNICACIÓN AOS ÓRGANOS XUDICIAIS**

*O contido do acordo que, no seu día, se adopte polo Pleno do Concello de Monforte de Lemos será trasladado ao Xulgado Contencioso administrativo Nº 1 de Lugo e ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para o seu recoñecemento e efectos oportunos.*

*2º.- Comunicar o contido do acordo que, no seu caso, se adopte polo Pleno do Concello de Monforte de Lemos ao Xuzgado Contencioso administrativo Nº 1 de Lugo e ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, para o seu coñecemento e efectos oportunos.”*

*De seguido prodúcense as seguintes intervencións:*

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que xa explicou na comisión informativa, este equipo de goberno xa no pasado mandato intentou traer un acordo para que dalgunha maneira con mellor ou peor éxito, para normalizar o funcionamento de Aqualia e o Concello e que

*Acta pleno ordinario 26.07.2022*

Aqualia invertirá o que tiña pendente, como se estaba en minoría o pleno votou en contra e non se puido levar a efecto e el dixo que se as circunstancias o permitían o traerían de novo. Fala de que o contrato foi adxudicado polo pleno, polo que é o pleno quen ten que modificar calquera circunstancia dese contrato. O contencioso recoñece que Aqualia lle faltan por invertir 1.172.000,00 € máis os intereses de demora. Dende o ano 2003 que tiña que haber invertido, ninguén lle pediu nada ata que o fixo este equipo de goberno. En todo caso, o Concello recorre a sentenza ante o Tribunal Superior de Xustiza e lóxicamente Aqualia recorre os intereses, como ambas partes chegaron á conclusión que ese 1.670.000,00 vai ter que invertilos, o que se pode facer é que por parte da empresa cambie a actitude e empece a colaborar co Concello e por parte do Concello vai recoñecer esa inversión sen renunciar a nada do que lle corresponde. Fala do proxecto que se vai levar a cabo. Fala de que a tubaxe será metálica, di que é unha inversión moi relevante e sinala que é a primeira vez que se fai na cidade de Monforte, di que é unha gran noticia que se invirta por primeira vez case un 1.700.000,00 € na tubería xeral, di que este é o sentido que ten este preacordo, por iso ven a pleno para que sexa o pleno quen o aprrobe.

Intervén D. Emilio José dicíndolle que o alcalde ten moi boa memoria, e que se caracterizou por defender o interese público no tema de Aqualia. Di que non sabe onde quere chegar con algunha das afirmacións. Sinala que está de acordo de que se esixa á empresa, está a favor que paguen todo o que deben, cren que están de acordo coa mellora da rede, di que eles están a favor diso. Sinala que o acordo pon textualmente aprobar “un preacordo” parécelle moi ben, aquí o que ben a dicir que a empresa quere que se recoñeza esa inversión antes de facela. Independentemente que hai que reclamarlle á empresa, vaise votar neste preacordo de 1.670.000,00 € sen ter un proxecto na man, di que se vai abster, en función do espírito da iniciativa.

Intervén D. Jaime Germán dicindo que lle parece un caso perdido, di que eles non teñen porque vir aquí para que lle digan que son asambleístas. Parécelle que tardou moito para reclamarlle a Aqualia. Di que hai moitísimos monfortinos que teñen un montón de problemas de auga, que agora non é na Corredoira, di que eles están de acordo en qué se faga iso. Vostedes saberán que si eses cartos lle parecen suficientes, di que eles vanse abster porque non teñen os datos. Vostedes son os que o fan porque son os que o teñen que facer. Parece que leva toda a vida traballando en contra de Aqualia, di que son todos os que levan un montón de tempo, absolutamente todos.

Intervén D. Victor López dicindo que non quere entrar en discusións, di que están a favor desta iniciativa, parécelle unha mellora importante para a rede de Monforte de Lemos, di que non se pode esquecer as roturas que existen, que non se esqueza dos problemas de saneamento. Reitera o voto a favor.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que un preacordo é mentres non haxa un acordo, e lóxicamente non pode asinar ata que se traiga o preacordo ao pleno para que haxa un acordo. No texto do acordo fala de que se recoñecerá cando a obra estea feita. Se isto vai adiante, o proxecto xa se presentará porque o proxecto o fai a empresa non o Concello, a

*Acta pleno ordinario 26.07.2022*



empresa terá que pedir os permisos pertinentes. Dille a D. Germán que eles non levan gobernando 21 anos. Hai poucos días houbo unha discusión no Goberno de España polo tema dos gastos en defensa, unha parte querían aumentar e outros non querían, ao final quén se impuxo, o ministerio quén tiña a competencia. Na etapa do goberno de coaliciación o BNG tiña a responsabilidade da auga, o concelleiro era do BNG. Para este proxecto é suficiente, para as débedas, non é suficiente.

Dille a D. Victor Rodríguez que lle agradece que voten a favor. En relación co que vostede dixo do saneamento, fala dos convenios co Ministerio e coa Confederación, e hai outro a parte da depuración do polígono. Fala da supresión do punto de verquido no Parque dos Condes e do seu custo que é moi elevado. Di que eles están traballando en arranxar o saneamento e a depuración da cidade e do Polígono Industrial.

Intervén D. Emilio Sánchez sinala que realmente o normal é que se fale entre o Concello e a empresa cheguen a un acordo e que o pleno o ratifique, iso é outra forma de actuar. Fala de que un dos servizos que se pode recuperar de xestión directa e polo tanto cren que antes de que remate o contrato a empresa cumpra as súas obrigas. Reitera a súa abstención.

Intervén D. Jaime Germán dicindo que se ratifican que están de acordo que se lle pida a Aqualia todo o que se lle teña que pedir. Fala de que estivo perdido todo ese contrato.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o contrato nunca estivo perdido, sempre estivo no arquivo, as caixas estiveron sempre arriba no arquivo.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con catorce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e do Grupo Municipal Popular e dúas abstencións dos concelleiros/as do Grupo Mixto (BNG-ESPERTA MONFORTE).

**Intervén o Sr. Alcalde manifestando pesar da corporación polo pasamento de D<sup>a</sup> Aida, que foi concelleira desta Corporación.**

**Procédese a gardar un minuto de silencio polo pasamento de D<sup>a</sup> Aida Sara Menéndez Lorenzo.**

**Despois do minuto de silencio D<sup>a</sup> Katherinie Varela abandona o salón de sesións por mor da súa afonía.**

#### **5º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE DE DESLINDE DOS TERMOS MUNICIPAIS DE MONFORTE DE LEMOS E SOBER.**

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

*"1º.- No ano 2013 iniciouse o expediente de deslinde entre o Concello de Monforte de Lemos e o Concello de Sober, con base no establecido no PXOM do Concello de Sober, e de acordo co*

*Acta pleno ordinario 26.07.2022*

*disposto polo Pleno dese Concello adoptado en sesión celebrada o día 11 de decembro de 2013.*

*2º.- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, no seu Título I (Territorio), Sección segunda, regula a materia de demarcación, deslinde e amojoamento dos termos municipais e, nos arts. 40 a 47 regula o procedemento de aplicación.*

*Dito procedemento foi seguido, e creáronse, tanto no Concello de Monforte de Lemos como no Concello de Sober, as comiós de deslinde recollidas no art. 42, que concluíron con diverxencias entre elas, e polo tanto, procedeu á aplicación do disposto no art. 44 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, remitíndose copias das actas de cada Concello á Dirección Xeral de Administración Local, da Xunta de Galicia, aos efectos de continuar co procedemento.*

*3º.- Con data 28 de setembro de 2017, o Instituto Xeográfico Nacional emite "Informe preceptivo sobre o deslinde entre os termos municipais de Sober e Monforte de Lemos".*

*4º.- Con data 6 de novembro de 2017, a Dirección Xeral de Administración Local, Consellería da Presidencia, Xunta de Galicia, dá traslado ao Concello de Monforte de Lemos dunha copia do informe preceptivo ao que se fai referencia no parágrafo anterior.*

*5º.- Con data 15 de novembro de 2017, foron remitidas alegacións á Dirección Xeral de Administración Local, polo Concello de Monforte de Lemos, ao informe emitido polo Instituto Xeográfico Nacional.*

*6º.- Con data 22 de xuño de 2018, a Deputación Provincial de Lugo remitiu á Dirección Xeral de Administración Local o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 15 de xuño de 2018, prestando conformidade ao Informe emitido polo Instituto Xeográfico Nacional.*

*7º.- Dende esa data non consta, no Concello de Monforte de Lemos, que, por parte da Xunta de Galicia, se tiveran realizado actuacións para dar cumprimento ao establecido no artigo 44.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

*8º.- É aquí onde se produce o atranco de dito expediente, xa que non consta que a Dirección Xeral de Administración Local remitise á Comisión Gallega de Delimitación Territorial o expediente ao obxecto de que sexa emitido o informe, que é preceptivo (obligatorio), e polo tanto, indispensable para que se elabore a proposta do Conselleiro de Presidencia como trámite previo a súa resolución polo Consello da Xunta de Galicia, previo ditame do Consello Consultivo de Galicia.*

*A situación é verdadeiramente preocupante xa que o expediente leva paralizado na Xunta de Galicia dende o 22 de xuño de 2018, data de emisión do informe por parte da Deputación Provincial de Lugo, que, xunto co informe emitido polo IGN, son os que deben constar no expediente. Dende esa data non se ten constancia, no Concello de Monforte de Lemos, de que se teña realizada ningunha actuación por parte da Xunta de Galicia.*

*É evidente que o informe do IGN avala as pretensións do Concello de Monforte de Lemos, e que iso ten consecuencias graves para o Concello de Sober, pola incidencia que tería no seu Plan Xeral de Ordenación Urbana, e, quizais, sexa éste o motivo da paralización.*

*Non podemos deixar de manifestar a máis rotunda oposición do Concello de Monforte de Lemos á situación de parálise na que nos atopamos, xa que o deslinde afecta a un ámbito territorial estratéxico para o noso Concello. En efecto, o debate entre ambos municipios refírese ós lindes no Polígono industrial do Reboredo, e a paralización do expediente está incidindo nas actuacións do Concello de Monforte de Lemos, xa que ten incidencia na realización do proxecto de ampliación do citado polígono.*

*Afortunadamente a actividade económica no Concello de Monforte de Lemos é cada vez máis puxante, e os empresarios e empresarias demandan, con maior intensidade, que se lles poña a disposición chan industrial para o desenvolvemento das súas actividades, o que redundará en beneficio dos monfortinos e monfortinas.*

*Polo exposto, **PROPOÑO** que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos adopte os seguintes acordos:*

*Primeiro.- Con base no disposto no art. 53.1.a), da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, solicitar da Dirección Xeral de Administración Local, que se remita información ao Concello de Monforte de Lemos sobre a situación procedimental na que se atopa o expediente de "Deslinde dos termos municipais de Monforte de Lemos e Sober", e os motivos polos cales dito expediente se encontra paralizado.*

*Segundo.- Instar á Xunta de Galicia, Consellería da Presidencia, Dirección Xeral de Administración Local, para que remita á Comisión Galega de Delimitación Territorial o expediente de "Deslinde entre os termos municipais de Monforte de Lemos e Sober", na zona do Polígono Industrial do Reboredo, e continúe coa tramitación do procedemento, para que, unha vez emitido o Informe por dita Comisión Galega, sexa elaborada a proposta polo Conselleiro da Presidencia para a adopción do acordo resolutorio, polo Consello da Xunta de Galicia.*

*Terceiro.- Requerir á Xunta de Galicia para que cumpra coa obriga de resolver o expediente, de acordo co disposto no art. 21 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, xa que, de persistir a actual situación de paralización, o Concello de Monforte de Lemos verase obrigado ao exercicio das accións xudiciais, de calquera orde, que lle sexan convintes ao seu dereito."*

*De seguido prodúcense as seguintes intervencións:*

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que no ano 2013 iniciouse un expediente de deslinde entre Monforte e Sober, iniciado polo Concello de Sober, porque o Concello de Sober cando elaborou o seu PXOM incluíu un trozo do actual polígono do Reboredo dentro dos seus lindes, naquel momento o Concello de Monforte presentou unha alegación e nunca se lle contestou a esa alegación, que é obrigación legal contestar, e curiosamente a Xunta de Galicia aproboulle o PXOM. Cando se comenzo o deslinde a lei establece que hai que crear unhas comisións de cada Concello e se non hai acordo, que foi o caso, despois de reunirse non houbo acordo, remitiuse o expediente ao Instituto Xeográfico Nacional, á Deputación de Lugo, e tócalle á Xunta de Galicia resolver.

O Instituto Xeográfico Nacional emitiu un informe onde lle da a razón ao Concello de Monforte amparándose nunha sentenza do Tribunal Supremo dun caso similar do porto de Santa María e Jérez. O informe da Deputación de Lugo tamén é favorable ao Concello de Monforte, o curioso é que a Xunta dende o ano 2017 leva sen mover ficha, e como non o fixo requiríuselle que o faga, e ten algo pendente que facer que o faga, porque non van esperar eternamente. Cando se lle cedeu ese terreo que ocupa o actual polígono, no seu día houbo un pequeno aeródromo, na cesión dicía que ao Concello de Monforte lle quedaban terreos por todos os seus ventos, cre que non hai motivo ningún para dudar que ese terreo é un terreo de Monforte. Sinala que sobran argumentos e os informes son todos favorables, o que necesitan é que resolvan, polo tanto van instar á Xunta de Galicia a que remate o expediente se lle falta algo e que resolva.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que eles van apoiar esta iniciativa para saber como está o expediente e que resolvan, despois de estudar toda a documentación que é extensa e complexa, cren que o Concello ten a razón, o que se vai votar é que a administración competente se pronuncie e eles van apoiar.

Intervén D. Jaime Germán amosando o seu apoio a esta moción.

Intervén D. Víctor Rodríguez amosando que o seu voto será a abstención.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con trece votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e do Grupo Mixto (BNG-ESPERTA MONFORTE) e dúas abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

**6º.- CORRECCION ERROS NA PLANTILLA PERSOAL DO ANO 2022.**

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

*1º.- O pleno do Concello de Monforte de Lemos aprobou, inicialmente, en sesión celebrada o día 29 de novembro de 2021, o Orzamento Xeral do Concello de Monforte para o exercicio económico 2022, no cal figura como Anexo o Cadro de persoal para a citada anualidade.*

*2º.- Transcorrido o período de exposición pública, iniciado coa publicación do anuncio correspondente no BOP Lugo número 276 do 01/12/2021, o Pleno, en sesión celebrada o 27 de decembro de 2021, resolveu as alegacións presentadas, procedendo á súa probación definitiva.*

*3º.- De conformidade co disposto no art. art. 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os art. 127 o Texto Refundido aprobado polo RD 781/1986 e concordantes, posteriormente, publicouse o resumo por capítulos de cada un dos dos orzamentos que o integran así como o Cadro de persoal, no BOP de Lugo número 299 o 31/12/2022.*

*4º.- En dita plantilla de persoal figura a seguinte paza:*

*Técnico/a 1 A2 Admón. Esp. Técnico Informática Vacante 12.809,59*

*5º.- Estando en fase de execución a Oferta de emprego público do Concello de Monforte de Lemos, para o ano 2022, aprobada por resolución da Alcaldía número 179/2022 de 1.02.22, no momento de elaboración das bases que rexerán o procedemento selectivo, puidose comprobar a existencia dun erro na clasificación da praza xa que fíxose constar que dita praza pertence ao Grupo A2, cando, en realidade, polo contido e funcións que demandan as necesidades municipais, que son a realización de competencias en materia de configuración, administración e mantemento de sistemas informáticos, tanto hardware, software, servidores, bases de datos e redes telemáticas empregadas para a súa intercomunicación, a súa correcta clasificación sería no Grupo B, para a que se esixe estar en posesión dun un Ciclo Superior en Formación Profesional, que é a titulación adecuada para a correcta xestión informática municipal.*

*Erróneamente a plaza, incluída na oferta de emprego público para o ano 2022, foi clasificada como pertencente ao grupo A2, para a que se esixe estar en posesión de grado universitario, cuxas funcións exceden das que demanda a estrutura administrativa do Concello de Monforte de Lemos.*

*6º.- Analizado o informe do Secretario Xeral do Concello de Monforte de Lemos do tenor literal seguinte:*

*“En relación coa posibilidade de proceder a unha corrección de erros cometidos na aprobación do Cadro de persoal, aprobado definitivamente, xunto co Orzamento para o ano 2022, por acordo de pleno de data 27 de decembro de 2021, procede informar:*

*PRIMEIRO.- Segundoponse de manifesto o erro consiste en que na praza Técnico/a 1 A2 Admón. Esp. Técnico Informática Vacante 12.809,59 €, faise constar que o Grupo de clasificación é o Grupo A2, cando en realidade polo contido da praza e as necesidades do Concello, o Grupo de clasificación correcto sería o Grupo B.*

*SEGUNDO.- Segundo consta nos documentos obrantes nesta Secretaría Xeral, en execución do acordo aprobatorio do Cadro de Persoal, ditouse, referido á praza que nos ocupa, soamente un acto administrativo que é a Oferta de emprego público para o ano 2022, aprobada por resolución da Alcaldía número 179/2022 de 1.02.22.*

*TERCEIRO.- Non se procedeu á convocatoria do proceso selectivo para a provisión da devandita praza, polo tanto non existen interesados que poidan verse afectados nos seus dereitos.*

*CUARTO.- O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, dispón que “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.*

*En consecuencia infórmase FAVORABLEMNETE a corrección de erros no acordo de data 27 de decembro de 2021, polo que se aprobou o Cadro de persoal do Concello de Monforte de Lemos”.*

*Con base no exposto PROPOÑO, que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos adopte o seguinte acordo:*

*Correxir o erro padecido no acordo de data 27 de decembro, polo que se aprobou o Presuposto do Concello de Monforte de Lemos para o ano 2022, en concreto, no Anexo do Cadro de persoal, no seguinte senso:*

*Donde dicir:*

*Técnico/a 1 A2 Admón. Esp. Técnico Informática Vacante 12.809,59 €*

*Debe dicir*

*Técnico/a 1 B Admón. Esp. Técnico Informática Vacante 12.809,59 €”*

*De seguido prodúcense as seguintes intervencións:*

*Intervén D<sup>a</sup> Gloria M<sup>a</sup> Prada sinalando que había un erro na plantilla de persoal que se puxo un grupo A2 cando debía ser un grupo B, técnico de informática.*

*Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con trece votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e do Grupo Mixto (BNG-ESPERTA MONFORTE) e dúas abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.*

**7ª.- MOCIÓN ESPERTA MONFORTE PARA REDUCIR UN TRAMO DO IBI PARA OS PRÓXIMOS 4 ANOS.**

Esta moción non se dictamina ao non estar presente o presentante da mesma.

Transcríbese a proposta da moción:

*“Baixar o IBI ao 0,55 durante os próximos 4 anos para axudar, entre outros, a clase media traballadora”.*

*De seguido prodúcense as seguintes intervencións:*

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura á moción presentada. Sinala que é ben sinxelo gustarlle que baixasen o IBI nun tramo e así facer máis levadeira esta situación para todos o monfortinos.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que en máis dunha ocasión xa se falou dende o BNG que baixara ese tipo impositivo, porque realmente os indicadores económicos que se queren amosar dende tódolos ámbitos Sociais, depois do verán van vir dificultades. Vista esa inflación do estado español, que por certo en Galicia é un pouco máis alto que a media do Estado. Di que eles comparten o espírito da iniciativa. Manifesta que el se conformaría para o ano que ven eles van apoiala, dende o 2018 que veñen solicitando. Votarán a favor, se se retira iso dos catro anos, moito mellor, porque augura que o percorrido desta iniciativa vai ser do tempo e dos minutos que se debate.

Intervén D. Victor Rodríguez di que no ano 2016 se permitía aos Concellos baixar este tiop de imposto. Actualmente o Concello de Monforte grazas ao esforzo dos cidadáns consegue condonar a débeda existente. Nestes 8 anos de goberno o destino económico a solucionar este problema foi escaso, si que van considerar de votar a favor desta proposta.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que este goberno entende que estar aos servizos públicos que se financian cos impostos. Cos 17 € de aforro que vostede prantexa na súa moción non cre que ningún cidadán poda satisfacer ningunha necesidade con eses 17 €. Di que eles falan de solidaridade, os impostos son cantidades de diñeiro que os cidadáns están obrigados a pagar, para dispoñer de servizos públicos. Por eso este tipo de mocións as tachan de populistas.

Non ve ningún apartado onde di que servizos vanse recortar, se hai uns ingresos inferiores. Vostede di claramente que este é un equipo de goberno de intoxicadores e mentirosos, di que non é de recibo este tipo de descalificacións, vostede entende así a participación política, descalificar é unha forma de agredir, utilizar isto como sistemática constante e reiterada, quén redacta este escrito que é moi probable que sexa un frustrado da política. Di que é non califica a ningún.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que el xa ve que non van aprobar, di que non tería ningún problema en modificar o que di o BNG. Dille ao Sr. Torres que non hai maneira humana de poñerse de acordo, o que non se pode é faltar á verdade. Di que lles queda claro, o único que pretenden é que os cartos que van para remanente, que se siga gastando no quae vostedes queiran, pero que eses cartos que van para remanente, que un, dous, tres non haxa ese remanente. O de intoxicador é porque non contan unha verdade.

Intervén D. Emilio José Sánchez reiterando o seu voto.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que Esperta Monforte quere incidir neste punto porque hai un goberno de intoxicadores e mentireiros, antes de calificar así a ninguén diga cando minten. Di que el pode calificar as mocións, pero non a súa persoa. Unha cousa é valorar as opinións e os argumentos do contrario, pero que se respeten e aos comportamentos. Di que eles van a votar en contra, porque a súa moción é populista.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que Esperta Monforte falou dos cartos do remanente de feito van vir cos presupostos e van ver os cartos que hai adxudicados que non se están gastando. O único do que fala é que teñen que deixar de contarlle mentiras aos monfortinos, 17x10 son 170 € dunha familia. O que non se pode vir aquí e intentar enganar á xente. Di que non fai falta retirar nada, vostedes terían os mesmos cartos o único que farían é non meter cartos para os remanentes, non é certo por iso son uns mentireiros, está nos papeis. Son cousas que non se poden dar voltas. Non baixan o IBI porque queren ter cartos.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que se ve na obriga de aclarar algunhas cousas. Dille a D. Germán que non hai peor cousa que a ignorancia, facer afirmacións descoñecendo do que fala é tremendo, o remanente é a diferenza entre ingresos e gastos dun ano ou de anos anteriores. O remanente non é unha conta do orzamento, vostede acaba de dicir no orzamento non van os remanentes, no remanente van os ingresos previstos e os gastos previstos. Cando se liquida o orzamento antes do 28 de febreiro e cando se di se hai remanente. Despois falan dos presupostos. Ten que correxir un dato, non son 17 € son moito menos, do orzamento do Concello amaioría dese orzamento, ven dos ingresos do Estado, da Deputación, non son directos do Concello, son impostos do Estado. O que vostede di é facendo a división do remanente entre os veciños de Monforte. Cando hai remanentes positivos é que hai unha boa xestión, o que é que vostede está cabreado porque xestionan ben, di que hai Concellos que teñen déficit, nin teñen débeda e incrementaron o remanente.

Di que eles non teñen necesidade de intoxicar porque gobernan, e non minten porque contan o van facer, e máis o demostran cos feitos. No ano 2012 houbo un decreto onde obrigaba a ter un mínimo de IBI, naquel momento houbo que facer un plan de saneamento do Concello para pagar facturas, esa obrigación rematou antes de que acabara aquel mandato, os Concellos do arredor subiron a ponencia de valores dos bens catastrais, o Concello de Monforte non o tocou, nin o suben nin o van baixar, porque fai falla para cubrir os servizos que se prestan os cidadáns. Monforte hoxe é unha cidade respectada, bonita para vivir, con moito turismo, vai ter que seguir sufrindo porque eles van seguir mellorando. Cando se creou ese decreto do ano 2012 non establecía ese incremento de IBI tamén establecía unha regra de gasto, unha estabilidade financeira, un límite de endebedamento, esas cousas tamén hai que cumprilas, senón se cumpre iso pode intervir facenda, isto é o que quere vostede, de verdade pode traer 20 veces, este goberno baixou taxas e impostos, e este non o vai baixar, para facer política de investimentos de servizos, de seguros Sociais, baixar do 0,60 ao 0,55 deixaríase de recaudar 600.000,00 €, mire vostede o que figura no presuposto en inversión, vostedes o que queren é que non se faga nada e logo veñen aquí con mocións para que se fagan cousas. O servizo de axuda no fogar ten de incremento de 675.106,00 €, diga vostede onde se recortan eses cartos. Dígalle a quen lle fai estas iniciativas que estudie antes de facelas. Dille a D. Germán que sobran razóns, se fora no parlamento esta iniciativa non a aceptaban, porque antes de aceptalas as

califican. Que quede claro a todos os monfortinos como funciona isto, insultar non lle parece a mellor maneira de respectar.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista e catro votos a favor dos concelleiros do Grupo Mixto (BNG-ESPERTA MONFORTE) e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

**8º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR SOBRE SOLUCIÓN DO PROBLEMA DERIVADO DA INSTALACIÓN DUN QUITAMEDOS NA CONTORNA DO HOSPITAL.**

**Esta moción retirouse da orde do día na comisión informativa.**

**9.- MOCION DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA A POSTA EN VALOR DA PRODUCCIÓN PRIMARIA AGRARIA DO VAL DE LEMOS.**

O ditame é favorable á proposta, cun voto a favor do concelleiro D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG-Grupo Mixsto) e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

*“1. Instar á Consellería o Medio Rural a que elabore un Plan de Recuperación de zonas con gran aptitude cerealista, na que o val de lemos teña un peso fundamental na provincia de Lugo, a fin de recuperar a soberanía alimentaria.*

*2. Pedir á Consellería de Medio Rural que inicie os procesos de concentración parcelaria urxentes nas zonas propostas na zona de delimitación do Val de Lemos e finalice aqueles que se atopa inconclusos.*

*3. Solicitar á Consellería do Medio Rural que leve a termo as conclusións do proxecto piloto de “Mobilización de Terras no Val de Lemos” (Boveda).*

*4. Instar á Confederación Hidrográfica para que solucione o problema recorrente das taxas pola auga de regadío coa Confederación Hidrográfica do Miño.-Sil.*

*5. Instar á Xunta de Galicia para que revise e actualice a delimitación dos perímetros urbanos da zona do Val de Lemos.*

*6. Pedir á Consellería de Medio Rural a creación dunha comisión no Parlamento de Galicia cos distintos actores implicados para activar a posta en valor do Val de Lemos, once se tomen como base os distintos traballos realizados feitos ao longo destes anos como base de partida para a toma de decisión técnicas. “*

*De seguido prodúcense as seguintes intervencións:*

Intervén D. Emilio José Sánchez da lectura da moción. Modifica o punto número 4. Instar á confeeración hidrográfica miño-sil elaborar un censo actualizado de usuarios do regadío e començar e a partir deste començar a cobrar unhas taxas adaptadas á realidade socioeconómica. Manifesta que cren que agora mesmo que a situación da COVID e a situación da guerra ucraína, país exportador de cereais, é o momento importante para facer todo o posible de poñer isto en funcionamento.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que é algo para o sector primario. Amosa o seu apoio.



Intervén D. Victor Rodríguez dicir que a Xunta de Galicia e a Consellería de Medio Rural sempre buscan o mellor, en base ao que di D. Emilio a Consellería de Medio Rural está realizando diversas actuacións, a concentración parcelaria, hoxe reestruturación parcela, que optimice todas as liñas fundamentais, a investigación da propiedade, a apertura de novas vías de acceso, a regularización de incrición rexistral de propiedades, fala dun proceso longo e complexo. Todos estes instrumentos contribúen a un uso máis eficiencia da terra agraria, dicir que tamén se está a traballar nun plan de pastos, permite atacar problemas do agro, a eliminación de incendios forestais.

Intervén D. Miguel Tomé di que lles parece razoable a exposición de motivos é ampla. En canto á parte do acordo que é o que realmente lles importa. Do resto dos puntos gustaríalle descartar o 2 é imprescindible para poñer en valor o canal, a propia concentración parcelaria, e fundamental que unha vez feita se respecten os usos agrarios. De non facela a limitación competente non podería nin prantexarse a modificación do sistema de regadío, de rego a presión controlado por ordenador. A iniciativa é interesante como un paso máis que a Xunta exerza as súas competencias. Di que todos saben que o problema da concentración é moi complexa, porque as parcelas son pequenas, porque son demasiadas, pero é necesario, e a competencia a ten a Xunta de Galicia. Empezar por aí que é o máis importante e a partir de aí empezárase a modernización do regadío. Aмосa o seu apoio á iniciativa.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que regadío está como está, fo iun dos graves fracasados da política do franquismo en Galicia. Apenas 600 se utilizan para o regadío e o resto están abandonadas, di que vai voltar a discutir sobre o que está facendo a Xunta de Galicia, a iniciativa é de recuperar a zona do regadío do Val de Lemos, que é interesante recuperala, se pecharon explotacións, fala dun problema que ben derivado da inflación económica. Di que está claro porque se piden estas cousas.

Intervén D. Victor López manifestando que na zona do Val de Lemos a consellería de Medio rural está realizando diferentes actuacións, fala dos polígonos agroforestais, di que estase realizando un polígono agroforestal no Concello de Bóveda, por outra banda, a consellería de medio rural xa se puxo en contacto con empresas, que solicitaron recuperar terra. Tamén destaca a súa agrupación municipal, presentou unha moción que se solicitaba á Xunta de Galicia zona de poboación intensiva, para dar solución á crise que ten o sector gandeiro.

Intervén D. Miguel Tomé dicindo que as medias que está aplicando a Xunta de Galicia, pero dalgunhas delas que poden ser boas, ningunha chega a aplicarse aquí, algunha delas é no Concello de Bóveda, pero tanto os polígonos agroforestais, non lle vai tocar a Monforte a curto prazo. Que xa que teñen as competencias a Xunta que o fagan, e lle aplaudirán.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que saben que ese proxecto Bóveda as políticas da Xunta de Galicia a nivel agroforestal son un fracaso, hai que velo, cando chegou Feijoo á Xunta no 2009 había un proxecto de terras, houbo que metelo no caixón, no 2016-2017, recuperaron a idea pero o fixeron parecido. Agora mesmo pero vendo o que está acontecendo no Saviñao, na zona da Candaira, as políticas forestais e agroforestais da Xunta son un fracaso, hai que moitas escoitar aos demáis, e mellorar as cousas.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría, con trece votos a favor dos concelleiros do grupo Municipal Socialista e do Grupo Mixto e dúas abstencións dos concelleiros/as do grupo Municipal Popular.

Intevén o Sr. Alcalde dicindo que hai presentada unha moción que foi retirada polo Partido Popular que foi retirada na Comisión Informativa.

Intervén D. Victor Rodríguez fala da moción presentada, di que o martes retirouse unha parte de quitamedos, o mércores volveron a colocar parte dese quitamedos, por iso volven presentar a moción.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que entre a Comisión e o Pleno non cambiou nada. Dicindo que hai se estaba facendo unha práctica fraudulenta, e o único que se fixo foi poñer as cousas conforme á legalidade, o único que se fixo foi quitar esa bionda co motivo de descarga, o hospital sabe que non pode entrar e saír por aí, oprque no planeamento non hai entrada e saída, se alguén o fixo mal, se por outro lado entran os camións do aire medicinal, se entran os do oxíxeno, se entran os do gasoil, os de retirada de residuos, poderán entrar os da biomasa, o que hai que facer é cumprir a normativa, e máis é persoalmente non falou con ninguén da Xunta de Galicia. Sinala que á Xunta vai a conexión dunha licenza á consellería de educación para realizar obras en colexios, a consellería de medio rural, igual, a Consellería de Servizos Sociais, o hospital leva facendo obras, nin pide licenza nin paga ICIO, esto que é, terá que cumprir a normativa como os demais, o único que queren é que compren como os demais. Sinala o alcalde que non ven ningunha urxencia.

Sométese a votación a urxencia da moción presentada, rexeitáse por maioría, con once votos en contra dos concelleiros/as do Partido Socialista e catro votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Popular e Grupo Mixto.

### **PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN**

#### **10º.-INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (21.06.22 e 19.07.22).**

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

#### **11º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**Pregunta de Esperta Monforte re 11376 sobre convenio entre o Concello e o Colexio PP Escolapios de Monforte e o Club Deportivo Calasancio para a cesión de horas do campo de fútbol, gustaríanos saber o coste total das obras que se faran no campo de fútbol do colexio.**

Resposta o Sr. Alcalde manifestando que o Concello de Monforte xestionou diante do Consello de Deportes unha axuda para os campos de herba artificial ou ben son  
*Acta pleno ordinario 26.07.2022*

de titularidade municipal, ou ben sen selo os utiliza o Concello en determinados momentos, cando se fixo o campo dos escolapios, se conseguirán 100.000 euros para facer ese campo antes do ano 2007, a principios do 2008-2009 foi cando se fixo o do Luis Bodegas, fútbol 11 e fútbol 7, coa financiación da Deputación de Lugo, e agora se tiña a solicitude da xente e dos escolapios e de poder arranxar eses campos a través dun convenio cos Escolapios ceden o uso das instalacións sempre que se necesite, o que se fixo unhas memorias de canto menos costaría e se solicitaron ao Consello de Deportes, e nos presupostos xerais do Estado para o ano 2022 incluíu unha partida de 550.990,00 € subvención nominativa que figura a nome do Concello de Monforte. O arranxo dos tres campos dos escolapios máis os dous do Luis Bodegas, custan en total 584.280,75 €, é dicir, que o Concello aportar 33.290,75 €. Canto custa cada un deles, os Escolapios 232.379,89 €, o 39,77% e os dous campos do Luis Bodegas custan 351.900,86 o 60,23%.

**Pregunta do PP RE 11782 sobre conectividade e banda ancha no Concello ¿en que situación se atopa actualmente a mellora da conectividade e instalación de banda ancha no Concello?**

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que hai catro empresas despregando fibra no Concello a máis avanzada é a empresa Orange, que ten case a totalidade do Concello a excepción do casco histórico, en todo caso isto non é unha competencia municipal.

**¿Canto costará e durará o arranxo do Ponte de Piñeira?**

Resposta o Sr. Alcalde manifestando que non lle pode dicir, aínda estase coas valoracións mirando a estabilidade do solo, así que cando teñan rematado eses traballos da estabilidade do solo, poderáse saber o que vai custar e o tempo que prevén que lles vaia levar.

**Rogo do PP RE 11782 rogo que procedan a aumentar o número de cubos e contenedores de lixo durante a tempada estival e aumentar a frecuencia de recollida nas parroquias.**

**Rogo que se proceda a unha revisión dos sumidoiros da cidade e así limpar e/ou abrir os que o necesiten.**

Resposta o Sr. Alcalde sinala o alcalde que non sabe que o faloron coa empresa, di que hai dificultade de subministro de caldeiros segundo a empresa, peo de todas as maneiras é unha cuestión de distribuir ben e ver as necesidades.

En relación cos sumidoiros di que eles non pecharon ningún sumidoiro, é un tema que leva así moito tempo. De todas as maneiras vaise intentar ampliar os sumidoiros pódese paliar ese problema, pero ten moito que ver coa rede de saneamento, cando para de chover aquilo baixa enseguida. Cando cae esa cantidade de auga, e tan pronto paraou de chover os sumidoiros tragan

inmediatamente. Os sumidoiros limparonse o día 30 de maio, o día 6 de xullo, polo tanto non era por un problema de limpeza dos sumidoiros.

**Pregunta do BNG RE 11815 Ten pensado o equipo de goberno, iniciar os trámites precisos para iniciar o desenvolvemento do imprescindible Plan Xeral de Ordenación Municipal?**

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que os traballos previos se están facendo. Ese ponte que tanto lle gusta a D. Germán están traballando nel, outras obras que a el non lle gustan están traballando nelas. Outra cousa é se o van contratar, porque aínda non está madura, cando estea tocaralle.

**Rogo “in voce “ do BNG que na rúa Vilanova, o sistema do cableado daquela zona, os cables de teléfono, o cable do alumeadado público case se tocan cunha man, iso se incrementou fai un tempo atrás que cairon uns arbores, están moi baixos perigosos e facendo forza nos postes.**

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que toma nota para dar traslado á técnica de servizos para que revise.

Remata a sesión sendo ás dez horas e trinta e catro minutos do mesmo día. De todo o que antecede, eu Secretario, dou fe.

Vº e Pce

O ALCALDE